

PROXECTO

ORZAMENTOS

20
22

INFORME DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS



XUNTA
DE GALICIA



MEMORIA DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE GALICIA

CONTIDO

I.	PRESENTACIÓN	7
II.	ORZAMENTOS DE 2021 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE GALICIA	11
III.	INGRESOS	17
III.1.	PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS PROVINCIAIS.	19
III.2.	VARIABLES DE INGRESOS EN RELACIÓN COA POBOACIÓN PROVINCIAL	31
III.3.	EVOLUCIÓN DE INGRESOS DO PERÍODO 2013-2021	35
III.4.	INTRODUCCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE INGRESOS POR DEPUTACIÓN	42
III.4.1.	ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA	43
III.4.2.	ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO	45
III.4.3.	ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE	47
III.4.4.	ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	49
IV.	GASTOS	51
IV.1.	PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS PROVINCIAIS.	53
IV.2.	ESTRUTURA POR PROGRAMAS DOS ORZAMENTOS DE 2020 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS	62
IV.3.	VARIABLES DE GASTOS EN RELACIÓN COA POBOACIÓN PROVINCIAL	68
IV.4.	EVOLUCIÓN DE GASTOS DO PERÍODO 2013-2021.	70
IV.5.	INTRODUCCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE GASTOS POR DEPUTACIÓN	74
IV.5.1.	ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA	75
IV.5.2.	ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO	78
IV.5.3.	ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE	81
IV.5.4.	ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	84
V.	PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (METODOLOXÍA SEC 95-SEC 2010)	87
V.1.	PRINCIPAIS INDICADORES. TOTAL DEPUTACIÓNS	89
V.2.	PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE	

CONTABILIDADE NACIONAL DE CADA UN DOS	
ORZAMENTOS PROVINCIAIS _____	90
V.2.1. ORZAMENTO DEPUTACIÓN DA CORUÑA _____	90
V.2.2. ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE LUGO. _____	91
V.2.3. ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE _____	92
V.2.4. ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA _____	93



PRESENTACIÓN

I. PRESENTACIÓN

A presente Memoria reflicte os Orzamentos iniciais das catro deputacións de Galicia para o ano 2021, de acordo ao disposto na disposición adicional terceira do Estatuto de Autonomía de Galicia, que establece que os orzamentos das deputacións provinciais galegas uniranse aos da Xunta, dentro do marco xeral de coordinación coas administracións locais de Galicia.

Esta Memoria pretende, ser un instrumento máis de coñecemento da realidade das facendas locais, neste caso do ámbito provincial, e proporcionar unha descrición dos orzamentos sinxela e sintética.

A Memoria soamente recolle a través de táboas e gráficos as principais magnitudes orzamentarias, divididas en dúas partes: ingresos e gastos, incluíndo unha serie coa evolución de catro variables principais, como o total do orzamento, os ingresos tributarios, os gastos de persoal e as operacións de capital, ao longo dos nove últimos anos (2013-2021).

Tamén se describen as finalidades dos gastos segundo a estrutura de programas, destacando as principais áreas e políticas a nivel do conxunto das catro deputacións.

Engádesse ao final os principais indicadores en termos de contabilidade nacional dos dous últimos anos.



ORZAMENTOS DE 2021 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE GALICIA

II. ORZAMENTOS DE 2021 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE GALICIA

Os orzamentos que se presentan neste documento son os aprobados como iniciais para o *ano 2021* das catro deputacións galegas, presentados aquí de xeito sistemático e conxunto, coa mesma metodoloxía das memorias das deputacións dos anteriores orzamentos.

Realizarase unha análise dos orzamentos de cada unha das catro deputacións provinciais, así coma do orzamento conxunto do ano 2021, que acompañan aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o mesmo exercicio. A fonte de información son os orzamentos das entidades analizadas, sendo esta Memoria unha breve presentación agregada dos datos contidos neles. Recoméndase, para calquera dúbida, consultar a documentación completa que figura publicada nas páxinas web de cada deputación provincial. Con motivo dos cambios legislativos dos últimos anos no eido orzamentario, sintetízanse en primeiro lugar as normas que regulan as facendas locais e os seus orzamentos.

Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, lei reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL)
- R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, do texto refundido da lei reguladora das facendas Locais (artigos 162 a 171)
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificada pola LO 9/2013 do 20 de decembro de control de débeda comercial no sector público, sendo de aplicación o R.D. 1463/2007, de 2 de novembro, REO, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 15/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades locais.
- R.D. 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da LXEP
- R.D. 500/1990, de 20 de abril, regulamento orzamentario

Os orzamentos preséntanse segundo o disposto na Orde 3565/2008 do 3 de decembro, que establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde 419/2014, do 14 de marzo.

No que respecta aos *ingresos*, atenderase ao ANEXO IV relativo á clasificación económica do ingreso, isto é, diferenciando entre as operacións correntes, as de capital e as financeiras, de acordo coa estrutura de capítulos, artigos, conceptos e subconceptos.

Con respecto aos *gastos*, os estados de gastos dos orzamentos das entidades locais clasificaranse cos seguintes criterios:

- Por programas (dentro da mesma os gastos clasifícanse por Área de gasto / política de gasto / grupo de programa / programa de gasto)
- Por categorías económicas (agrupando os créditos por capítulos separando as operacións correntes, as de capital e as financeiras).
- Opcionalmente, por unidades orgánicas (non se recolle este criterio nesta memoria).

A clasificación dos gastos especifícase nos anexos I ao III. No primeiro deles establécese a clasificación por programas, no segundo a táboa de equivalencias coa clasificación da normativa anterior (emprega nos orzamentos das EELL anteriores ao exercicio 2010) e finalmente, o anexo III refírese á clasificación económica dos gastos.

Nesta memoria soamente se presentan os gastos coas dúas clasificacións obrigatorias: por categorías económicas e por programas.

Os datos dos orzamentos están expresados en euros correntes de cada ano.

Para abordar a análise dos orzamentos das deputacións galegas procederase da seguinte maneira:

- farase unha análise diferenciada dos ingresos e dos gastos (nos apartados II e III respectivamente)

- para cada un dos compoñentes do orzamento (ingresos e gastos) realizarase unha primeira aproximación das características xerais dos orzamentos, tanto de cada deputación coma do agregado para toda Galicia; en segundo lugar, analizaranse as variables de ingresos en termos per cápita, observando as principais diferencias entre deputacións; en terceiro lugar realizarase unha análise da evolución dos ingresos e gastos dende o ano 2013 á actualidade; e finalmente, nun cuarto apartado, recolleranse os orzamentos de ingresos e gastos, respectivamente, para cada deputación

- finalmente, no apartado IV do presente memoria, recóllense os principais indicadores en termos de contabilidade nacional, empregando a metodoloxía do sistema europeo de contas 2010 (SEC 2010) e tendo en conta a consolidación co sistema anterior de 1995 (SEC 1995).

Os orzamentos aquí reflectidos son os resultantes da consolidación entre os das deputacións e os organismos autónomos, segundo o disposto no artigo 147.1.c. da Lei 39/1988 e o artigo 12.b. do R.D. 500/1990, unha vez descontadas as transferencias internas.

Ao respecto, convén resaltar que desde o orzamento de 2013, producíronse importantes cambios, pola aplicación do principio de racionalización da administración e dos recursos públicos, coa simplificación da estrutura organizativa.

Neste informe os datos orzamentarios son os seguintes:

1. Deputación da Coruña. Orzamento: 184.500.000 €
2. Deputación de Lugo. Orzamento: 92.418.753 €
3. Deputación de Ourense. Orzamento: 79.700.000 €
4. Deputación de Pontevedra. Orzamento: 168.116.037 €



INGRESOS

III. INGRESOS

III.1. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS PROVINCIAIS.

O orzamento global das catro deputacións provinciais de Galicia para o ano 2021 presenta un lixeiro ascenso interanual, pasando de 522,4 millóns de € de 2020 a 524,7 do orzamento de 2021, o que supón un incremento de 2,3 millóns. A variación non é moi significativa tendo en conta que houbo un aumento no índice xeral de prezos de consumo en Galicia no último ano (variación do 3,9% de agosto de 2020 respecto ao mesmo mes de 2021).

No exercicio 2021 o incremento interanual medio foi en concreto de 0,45% con respecto ao ano 2020. Por provincias, as catro presentan incremento nas cifras orzamentarias, sen embargo, a deputación de Ourense presenta un descenso do 7% mentres que nas tres restantes provincias os incrementos situáronse entre o 0,3% de A Coruña, o 0,7% en Lugo e o 4,5% de Pontevedra.


Cadro 1. Ingresos nos orzamentos das deputacións provinciais.

	2020	2021
A Coruña	184.016.500	184.500.000
Lugo	91.742.794	92.418.753
Ourense	85.700.000	79.700.000
Pontevedra	160.932.950	168.116.037
Galicia	522.392.244	524.734.790

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

No que respecta ao peso relativo de cada un dos orzamentos provinciais respecto do total, o orzamento coruñés segue a ser o de maior importe dos catro, representando o 35% do total, seguido do de Pontevedra, que achega co seu orzamento o 32% ao total das catro deputacións. Pola outra banda están os orzamentos das dúas provincias menos poboadas, Lugo e Ourense, onde os orzamentos das respectivas deputacións representan en 2021 o 18% e 15% respectivamente.

Gráfico 1. Ingresos nos orzamentos das deputacións provinciais.



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se temos en conta a variable poboacional, tomando os datos do Padrón municipal de habitantes (publicado polo IGE) coa poboación provisional a 1 de xaneiro de 2021, habería que sinalar en primeiro lugar, un **ascenso** de 1.550 persoas en Galicia con respecto a 2020. Foi nas provincias de Pontevedra e Ourense nas que máis aumento tivo o dato de poboación provisional, tanto en valor absoluto como en taxa interanual.

A variable poboacional ademais reflicte que en termos per cápita, hai dous grupos claramente diferenciados, os de Lugo e Ourense, por unha banda, que son significativamente superiores á media de Galicia e aos das outras dúas deputacións.

Cadro 2. Orzamentos Deputacións provinciais en termos per cápita.

	2020	2021	Variación
A Coruña	164,05	164,5	0,3%
Lugo	279,81	281,8	0,7%
Ourense	279,59	259,9	-7,0%
Pontevedra	170,45	177,8	4,3%
Galicia	193,46	194,2	0,4%

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os importes en termos de euros per cápita referidos á poboación de cada ano presentan incrementos no conxunto e nas tres provincias, agás Ourense. O incremento da media de Galicia é de 0,76 euros por habitante máis que en 2020 (un 0,4% máis).

Máis adiante, no apartado de evolución de ingresos preséntase a traxectoria dos últimos nove anos tanto en valores absolutos como en termos de importes divididos pola poboación de cada ano.


Principais cambios respecto ao ano anterior nos orzamentos de ingresos

Destácanse aquí, a grandes trazos as variacións de maior importe e relevancia ao comparar o orzamento inicial dos anos 2020 e 2021.

- **OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS:**
 - O agregado de ingresos tributarios (capítulos I, II e III) representa no ano 2021 un 21,4% do total do orzamento e experimenta un incremento do 1,9% con respecto ao ano anterior. Este incremento foi posible pola subida dos ingresos derivados dos impostos directos e das taxas e outros ingresos tributarios. O **capítulo I impostos directos** no que se inclúen os recursos esixidos sen contraprestación, presenta unha taxa de incremento do 2,8%. É o segundo recurso na estrutura de ingresos das catro deputacións (sen ter en conta as transferencias), xa que presenta unha porcentaxe do 7,9% sobre o total de ingresos (e un 36,8% dentro dos ingresos tributarios). O **capítulo III** de Taxas e outros ingresos experimentou un incremento dun 3,9% con respecto ao ano anterior, mentres que o **capítulo II** de Impostos indirectos sufriu un descenso de case un 1%.
 - No orzamento de 2021, como en anos anteriores, produciuse un incremento do **capítulo IV** as **transferencias correntes** medran en 4,2 millóns de euros para o total das catro deputacións, que representa un incremento porcentual do 0,6%. O peso porcentual deste capítulo é o de maior presenza dentro das operacións correntes (78,4%), e representa na actualidade o 77,9% do total do orzamento. É dicir case 78 euros de cada 100 dos orzamentos das corporacións provinciais galegas proceden directamente do Estado, sendo o Fondo Complementario de financiamento a achega máis importante en todos os orzamentos das corporacións locais. Por provincias, o **capítulo IV** aumenta nos orzamentos de tres das catro deputacións provinciais (descendendo en Ourense), con maior proporción na deputación de Pontevedra, onde o incremento con respecto ao 2020 foi do 3,5%.
 - O **capítulo V** de Ingresos patrimoniais experimentou un importante descenso, en concreto do 35%, o que fixo que as operacións correntes apenas se viran modificadas con respecto ao exercicio anterior, compensando as subidas dos restantes capítulos de ingresos correntes.
 - O agregado de operacións correntes (capítulos I a V) aumentou un 0,8% con respecto ao exercicio anterior, e con 521,4 millóns de euros representan case a totalidade do orzamento de ingresos, cunha porcentaxe do 99,4% sobre o total. Este agregado aumenta en todas as deputacións excepto en Ourense, ao comparalo co do ano anterior. A maior porcentaxe de incremento rexistrouse na deputación de Pontevedra cun 4,4%.


- Se temos en conta o agregado de *operacións de capital* (capítulos VI e VII) produciuse un descenso medio do 43,7%. En Lugo produciuse un forte descenso como consecuencia dunha diminución do 100% no capítulo VI, mentres que no caso de Pontevedra este capítulo experimentou un incremento do 71,4%. As **transferencias de capital** (capítulo VII) experimentan un notable descenso, en concreto do 64% con respecto ao ano anterior. Este descenso produciuse fundamentalmente como consecuencia do importante descenso producido en Ourense (da magnitude dun 68%).
- **OPERACIÓNS FINANCEIRAS:** no que respecta ás **operacións financeiras**, ao igual que en anos anteriores, non hai consignación de capítulo IX (variación de pasivos financeiros) e produciuse unha variación negativa no capítulo VIII do 30% (variación de activos financeiros). Este descenso ten a súa explicación nas diminucións experimentadas por A Coruña (cun descenso do 77,4%) e por Pontevedra (cun descenso do 25,7%), non producíndose variación nas cifra en Lugo e Ourense.

Cadro 3. Variacións anuais na estrutura de ingresos. Total da CA de Galicia 2020-2021



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Gráfico 2. Porcentaxe que representa cada capítulo de ingresos no orzamento agregado das catro deputacións.



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Principais características da estrutura de ingresos

A composición do orzamento das catro deputacións, presenta as seguintes liñas xe-ras:

- case a totalidade do orzamento son *operacións non financeiras* (99,7% do total)
- dentro das non financeiras, son as *operacións correntes* as que representan a maioría dos ingresos, co 99,4% do total, sendo o capítulo IV o de maior volume dentro deste último agregado e supoñendo case o 78% do total do orzamento. Os ingresos tributarios, capítulos I, II e III, representan o 21,4% do total, cun importe de 112,3 millóns de euros. Os ingresos do capítulo V, patrimoniais, non chegan ao 1% de peso porcentual na estrutura de ingresos das deputacións provinciais galegas.
- as operacións de capital (capítulos VI e VII) e as financeiras (capítulos VIII e IX) soamente representan o 0,3% e 0,3% respectivamente.

Gráfico 3. Ingresos totais por operacións. 2021



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

- En termos monetarios, podemos observar no que se traducen as porcentaxes anteriores, así coma a variación experimentada por cada un dos capítulos con respecto ao exercicio 2020 (cadro 5).

Cadro 4. Estrutura de ingresos 2021

TOTAL DEPUTACIÓNS		
ORZAMENTO DE INGRESOS (€)	IMPORTE	%
Operacións non financeiras	523.051.539	99,7%
Operacións correntes	521.383.787	99,4%
Operacións de capital	1.667.752	0,3%
Operacións financeiras	1.683.251	0,3%
TOTAL	524.734.790	100,0%
INGRESOS TOTAL DEPUTACIÓNS		
Ingresos tributarios (I, II, III)	112.315.467	21,4%
Transf. correntes (IV)	408.621.854	77,9%
Ingresos patrimoniais (V)	446.466	0,1%
Operacións de capital (VI, VII)	1.667.752	0,3%
Operacións financeiras (VIII, IX)	1.683.251	0,3%

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.


Cadro 5. Orzamento de ingresos do total das deputacións.

CAPITULOS	2020		Increm. % Interanual	2021	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	40.159.848	7,7%	2,8%	41.284.842	7,9%
II. Impostos Indirectos	37.720.063	7,2%	-0,6%	37.477.243	7,1%
III. Taxas e Outros ingresos	32.292.179	6,2%	3,9%	33.553.382	6,4%
<i>Ingresos tributarios</i>	<i>110.172.090</i>	<i>21,1%</i>	<i>1,9%</i>	<i>112.315.467</i>	<i>21,4%</i>
IV. Transferencias Correntes	406.166.192	77,8%	0,6%	408.621.854	77,9%
V. Ingresos Patrimoniais	685.878	0,1%	-34,9%	446.466	0,1%
Operacións correntes	517.024.160	99,0%	0,8%	521.383.787	99,4%
VI. Alleamento Investimentos Reais	1.831.808	0,4%	-31,0%	1.264.427	0,2%
VII. Transferencias de Capital	1.131.274	0,2%	-64,3%	403.325	0,1%
Operacións de capital	2.963.083	0,6%	-43,7%	1.667.752	0,3%
Operacións non financeiras	519.987.243	99,5%	0,6%	523.051.539	99,7%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	2.405.001	0,5%	-30,0%	1.683.251	0,3%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
Operacións financeiras	2.405.001	0,5%	-30,0%	1.683.251	0,3%
TOTAL INGRESOS	522.392.244	100%	0,4%	524.734.790	100%

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

En resumo, son os Ingresos por operacións correntes a principal fonte de recursos dos orzamentos provinciais. O capítulo IV de **transferencias correntes**, supera as tres cuartas partes do total dos recursos, nas que a principal partida é a transferencia da Administración Xeral do Estado, en concepto de participación nos tributos do Estado, sendo **Fondo complementario de financiamento** a partida máis cuantiosa. En segundo lugar, son os ingresos procedentes dos tributos provinciais e recargo doutros impostos (impostos e taxas e prezos públicos) os que achegan ás arcas provinciais a quinta parte do total de recursos orzamentarios. O que pon de manifesto como o mantemento destas entidades recae cada vez máis sobre a cidadanía.


Gráfico 4. Ingresos totais da Comunidade Autónoma de Galicia. 2021



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

No que respecta á diferente composición do orzamento de ingresos de cada deputación, a grandes trazos presentan unha estrutura de ingresos moi similar á do conxunto.

Gráfico 5. Detalle da estrutura de ingresos 2021



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.


O capítulo IV de transferencias correntes, oscila entre o 74,8% do total de ingresos no orzamento provincial de Pontevedra e o 83,1% no de Lugo.

Os ingresos tributarios, que son a segunda das fontes de financiamento da facenda provincial, cunha media do 21,3% de porcentaxe do total, varía a súa proporción entre

o 23,7% que presentan este tipo de ingresos no orzamento da Coruña e Pontevedra e o 16,5% no de Lugo e Ourense.

Os datos respecto ao total de operacións correntes non presenta case variacións entre uns orzamentos e outros dado a alta porcentaxe que representan nas catro deputacións, sendo a porcentaxe máis baixa a do orzamento de Pontevedra, co 98,7% e case o total de ingresos no coruñés (99,9%).

Gráfico 6. Detalle da estrutura de ingresos de menor porcentaxe.



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

No que se refire ás operacións de capital, investimentos reais (capítulo VI) e transferencias de capital (capítulo VII) o maior peso porcentual correspóndelle ao orzamento provincial de Pontevedra e Ourense, no que estes ingresos se estima que alcancen o 0,7% e 0,4% respectivamente do total de recursos.


A estrutura de ingresos das *corporacións provinciais galegas* presentan características similares aos orzamentos do resto de entidades locais. Debido ás diferentes figuras impositivas entre ambos tipos de entidades locais, pódense observar certas diferenzas na composición de ingresos dos orzamentos dos concellos de Galicia para o ano 2021, segundo os datos provisionais obtidos do Ministerio de Hacienda.

- As operacións correntes orixinan a maior parte dos seus recursos, nos concellos, supoñendo o 92,% dos ingresos totais, porcentaxe lixeiramente inferior con respecto ás deputacións (onde supoñen o 99% dos ingresos totais). No orzamento consolidado das Entidades locais galegas a porcentaxe queda no 94,7%.
- Os recursos procedentes de ingresos de capital teñen maior presenza nos orzamentos dos concellos, un 6% fronte ao 0% nas deputacións. O dato do orzamento

consolidado das EELL queda no 3,2% de ingresos por transferencias de capital e alleamento de investimentos reais.

- O mesmo coas operacións financeiras, coas que estiman ingresar o 2% do total dos seus recursos nos orzamentos municipais mentres que nas deputacións non chegan ao 1%, reflectindo o orzamento consolidado o 2,1% de recursos procedentes de variacións de activos e pasivos financeiros.


Gráfico 7. Detalle da estrutura de ingresos orzamentos Entidades Locais de Galicia 2021



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

No gráfico seguinte visualízanse os ingresos tributarios e as transferencias correntes que son as compoñentes da estrutura de ingresos con maior presenza. É significativa a achega que no caso dos orzamentos provinciais teñen as transferencias correntes.

Gráfico 8. Ingresos tributarios e transferencias correntes das Entidades Locais de Galicia 2021




Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao comparar as estruturas orzamentarias (de concellos, deputacións e consolidado de entidades locais) a un maior nivel de desagregación, as diferenzas son máis acusadas:

- os *ingresos tributarios* para o conxunto de orzamentos dos concellos galegos representan máis da metade dos seus recursos, co 55% do total, fronte ao 21% das facendas provinciais. No orzamento consolidado das entidades locais o agregado de ingresos de natureza tributaria representa tamén máis da metade dos recursos, cunha porcentaxe do 51%.
- Sen embargo as *transferencias correntes* teñen un peso menor nos orzamentos municipais, nos que o capítulo IV representa o 36% do total de ingresos, fronte ao 78% nos orzamentos das deputacións provinciais. No orzamento consolidado das entidades locais galegas a porcentaxe na estrutura de ingresos queda no 42%.

No gráfico seguinte aprécianse os agregados que menor achega representan nos orzamentos das entidades locais galegas, para poder reflectir mellor as diferenzas, entre os orzamentos dos diferentes entes locais, municipais e provinciais e outras entidade locais. Compróbase así que é nos concellos onde os ingresos por operacións de capital teñen máis presenza, representando o 5,7% do seu total de ingresos; fronte ao esquema do orzamento de ingresos nas deputacións no que estes tres agregados teñen un peso porcentual de 0,1%, 0,4% e 2,5%.


Gráfico 9. Capítulos V a IX de ingresos dos orzamentos das Entidades Locais de Galicia 2021



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Outro apunte que pode resultar interesante estriba na comparativa da estrutura de ingresos das facendas provinciais galegas cos media nacional, obtido dos datos provisionais do Ministerio de Hacienda, do que se extraen as seguintes liñas principais:

Gráfico 10. Estrutura dos ingresos dos orzamentos das deputacións 2021



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.


- os ingresos por operacións correntes son os de maior importancia dentro do total de ingresos en ambos casos, aínda que a importancia é menor en termos da media nacional, tendo un maior peso as operacións financeiras
- os ingresos tributarios, teñen unha representación maior na estrutura de ingresos das facenda a nivel nacional, xa que representan o 23,2% do total de ingresos (2 puntos porcentuais máis que en Galicia), mentres que polo contrario, o capítulo IV de transferencias correntes, ten un peso máis elevado en Galicia (78,1% fronte o 61,1% do total nacional)
- no ámbito nacional e con respecto ás operacións de capital, case a totalidade son as transferencias para investimentos de capital (capítulo VII)
- no relativo aos dous capítulos que forman o agregado de operacións financeiras, dicir que ambos achegan unha porcentaxe similar ao total de ingresos
- Nos datos de orzamentos das deputacións a nivel nacional non se tiveron en conta os orzamentos do País Vasco pola diferente normativa fiscal.

III.2. VARIABLES DE INGRESOS EN RELACIÓN COA POBOACIÓN PROVINCIAL

Como resumo dos principais agregados de ingresos do orzamento inicial de 2021, expresados en termos de euros por habitante, sinálanse as seguintes características.


O **total de ingresos** consignados ascende a 194,2 euros por habitante, 0,76 euros máis con respecto ao dato de 2020, ocasionado polo lixeiro incremento da cifra de ingresos. Como en anos anteriores os datos dos orzamentos das dúas provincias menos poboadas son maiores ca media de Galicia, superándoa amplamente, con 281,8 e 259,9 €/habitante respectivamente para Lugo e Ourense.

Gráfico 11. Total de ingresos. Euros por habitante.



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Gráfico 12. Total de ingresos. Euros por habitante. Evolución.



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Como se pode observar na táboa que acompaña ao gráfico 12, produciuse un aumento dos ingresos por habitante en todas as deputacións a excepción da provincia de Ourense, onde o descenso é do 7%, coincidente coa diminución de ingresos totais da deputación con respecto ao exercicio anterior.

A composición dos ingresos en termos per cápita resúmese do seguinte xeito:

Na cifra de **ingresos tributarios** obsérvase que apenas houbo un incremento con respecto ao ano anterior (só de 0,8 euros para a media de Galicia en 2021 respecto a 2020). O dato de ingresos tributarios por habitante para os orzamentos de Pontevedra e A Coruña son similares ao da media de Galicia, mentres que os de Lugo e Ourense atópanse lixeiramente por enriba da media (entorna os 46 euros).


Como xa se viu, os ingresos de natureza tributaria teñen as porcentaxes máis elevadas nos orzamentos da Coruña e Pontevedra, ao redor do 23%. Mentres que nos restantes orzamentos provinciais, as porcentaxes oscilan ao redor do 17%.

Cadro 6. Variables e ratios económico-financieiras dos ingresos. 2021. Euros por habitante e porcentaxe.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Ingresos Totais (IT)	164,5	281,8	259,9	177,8	194,2
Ingresos Tributarios (I+II+III)	38,9	46,5	44,1	42,2	41,6
% ITR / IT	23,7%	16,5%	17,0%	23,7%	21,4%
Transferencias Correntes (IV)	125,4	234,1	213,4	133,0	151,2
% TC / IT	76,3%	83,1%	82,1%	74,8%	77,9%
Operacións Correntes (I ao V)	164,3	280,7	257,8	175,5	193,0
% OC / IT	99,9%	99,6%	99,2%	98,7%	99,4%
Operacións de capital (VI+VII)	0,0	0,2	1,2	1,3	0,6
% TDC / IT	0,0%	0,1%	0,4%	0,7%	0,3%
Operacións Financeiras (VIII+IX)	0,1	0,9	1,0	1,0	0,6
% IF / IT	0,1%	0,3%	0,4%	0,6%	0,3%

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Gráfico 13. Variables de ingresos. Euros por habitante.



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

As **transferencias correntes**, capítulo IV, que é o capítulo de maior importe, presenta unha cifra de 151,2 € por habitante para a media de Galicia, 1,5 euros máis ca en 2020. Lugo e Ourense son as provincias que presentan maior importe por habitante. Os datos das outras dúas provincias é notablemente menor, con 125,4 na Coruña e 133 en Pontevedra.

Lémbrese que este capítulo é o de maior presenza na composición dos ingresos das entidades provinciais, xa que máis das tres cuartas partes dos recursos das facendas provinciais de Galicia teñen a súa orixe nas transferencias correntes, nas que a partida máis importante é a participación nos tributos do Estado.

A suma das variables anteriores máis o capítulo de ingresos patrimoniais, conforman o agregado de **ingresos por operacións correntes**, que presentan unha cifra media de 193 €/habitante, 1,5 euros máis ca en 2020. Como xa é habitual e como consecuencia do dito ata agora, os orzamentos das dúas provinciais con menor poboación son as que presentan valores por encima da media, con 280,7 e 257,8 euros por habitante respectivamente de Lugo e Ourense. Os da Coruña e Pontevedra están lixeiramente por encima dos 160 €/habitante. Este dato incrementouse en todos orzamentos provinciais a excepción de Ourense, sendo en Lugo onde se produce a maior subida (5,4 euros).

As **operacións de capital**, capítulos VI e VII, experimentaron unha diminución ao redor do 43,7% no total de Galicia. Son Lugo e Ourense as provincias que experimentan un notable descenso (en contra do que sucede en A Coruña - onde non hai variación e Pontevedra - cun incremento do 71,2%).

Por último, as **operacións financeiras** (capítulos VIII e IX), presentan case a mesma porcentaxe que as operacións de capital (0,5%), para a media de Galicia o importe é de 0,9 euros por persoa, oscilando entre 0,4 euros por habitante na Coruña e 1,4 en Pontevedra.


III.3. EVOLUCIÓN DE INGRESOS DO PERÍODO 2013-2021

De seguido preséntase unha síntese da senda que reflicten os orzamentos iniciais das deputacións galegas nos últimos 9 anos, é dicir dende o ano 2013 ao ano 2021.

Tras o contexto global de crise e recesión económica que tiña provocado unha diminución nos recursos das facendas provinciais, obsérvase que dende o ano 2013, en termos xerais, os orzamentos provinciais experimentan unha traxectoria crecente e constante, para o total das catro deputacións, agás o lixeiro descenso do ano 2017.

Como se pode observar foi o ano 2021 o de maior valor da cifra orzamentaria, con 524,7 millóns de euros, superior en 66,3 millóns á cifra do ano 2013 e 2,3 millóns con respecto ao orzamento do ano anterior.

Gráfico 14. Evolución do orzamento de ingresos 2013-2021 para o total das deputacións.



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.


Por deputacións, tendo en conta os datos dende o 2013, o resultado da evolución desta serie ofrece os seguintes trazos: o orzamento lucense presenta taxas negativas en 2017 e 2018 e é o orzamento que presenta unha menor taxa de variación media interanual positiva no período considerado (0,8%). O orzamento de Pontevedra tivo un crecemento xeral ao longo desta serie salvo no ano 2014 que tivo unha diminución do 1,4%, sendo o incremento medio interanual do 1,6%. O único orzamento que tivo crecementos todos os anos deste período foi o da Coruña, cun resultado dunha taxa de crecemento medio interanual do 2,1% pasando dos 156,7 millóns de 2013 ao 184,5 de 2021. Por último no orzamento de Ourense houbo unha taxa media de incremento anual do 2,3%, sendo negativa a taxa do ano 2017 (-0,9%).

Cadro 7. Total orzamento de ingresos 2013-2021 e incremento interanual medio.

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	Inc. interanual medio
A Coruña	156,7	157,6	171,3	175,6	176,5	179,0	183,6	184,0	184,5	2,1%
Lugo	86,7	82,2	83,9	83,9	80,4	79,0	88,5	91,7	92,4	0,8%
Ourense	66,5	73,8	77,4	77,7	77,0	80,7	82,7	85,7	79,7	2,3%
Pontevedra	148,6	146,5	148,6	152,1	152,5	156,9	158,0	160,9	168,1	1,6%
Galicia	458,4	460,1	481,2	489,3	486,5	486,6	512,7	522,4	524,7	1,7%

Fonte: Consellería de Facenda.


Gráfico 15. Evolución do orzamento de ingresos 2013-2021 para o total das deputacións.



Fonte: Consellería de Facenda.

Ao observar a evolución do total de **ingresos por habitante**, compróbase que a tendencia de crecemento é similar á comentada para os valores absolutos. Para a media de Galicia pasouse de 163,7 euros por habitante en 2013 a 194,2 do ano 2021.

Gráfico 16. Evolución do orzamento de ingresos 2013-2021. Euros por habitante.




Fonte: Consellería de Facenda.

Ao describir a traxectoria de cada un dos orzamentos provinciais en termos per cápita, o primeiro que se observa é a existencia de dous grupos, como no total de ingresos en termos absolutos, aínda que neste caso, os valores máis altos corresponden aos orzamentos das provincias menos poboadas, Lugo e Ourense.

Lugo amosa a cifra máis alta da serie con 281,8 euros por habitante en 2021, mentres que a deputación de Ourense é a que experimenta o maior crecemento, xa que partía dos 204 euros por habitante.

Os resultados en Coruña e Pontevedra fluctuaron entre 138 euros/habitante no ano 2013 en Coruña aos 164,5 de 2021. En Pontevedra, no ano 2013 acádase un valor de 156 euros por habitantes e no ano 2021 o valor ascende a 177,8 euros.

Gráfico 17. Ingresos por habitante 2013-2021.




Fonte: Consellería de Facenda.

A evolución da cifra de **ingresos tributarios** (impostos directos, indirectos e máis as taxas, prezos públicos e outros ingresos) presentou un crecemento nos anos do período 2013-2021 de maior intensidade ca o total de ingresos, presentando unha taxa de crecemento medio interanual do 3,8% para o total das catro deputacións.

A cifra medida para o total de Galicia oscilou entre os 86,8 millóns de euros de 2013 aos 112,3 de 2021.


Gráfico 18. Evolución dos ingresos tributarios 2013-2021.



Fonte: Consellería de Facenda.


Dado que o crecemento destes ingresos foi máis elevado que o do total, a porcentaxe que representan este tipo de ingresos de natureza tributaria respecto ao total (capítulos de impostos directos, indirectos e taxas e outros) aumentou lixeiramente nestes 9 anos do período observado, pasando de representar o 18,9% do total de ingresos en 2013 ao 21,4% de 2021.

Gráfico 19. Porcentaxe ingresos tributarios sobre o total de ingresos. Total de deputacións.



Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 20. Evolución total de ingresos totais e ingresos tributarios.



Fonte: Consellería de Facenda.

As traxectorias da cifra de ingresos tributarios presentan diferencias entre uns orzamentos provinciais e outros, sendo o orzamento de Ourense no que se aprecia un maior crecemento, xa que pasou de ter a cifra máis baixa, con 8,3 millóns de euros en

2013 a 13,5 en 2021, reflectindo unha taxa media de incremento interanual do 6,3%. No orzamento de Lugo houbo un descenso do agregado de ingresos tributarios do 0,2% de media anual, sendo a maior parte do descenso no exercicio de 2017 (provocado pola finalización do ingreso polo antigo hospital provincial). Nos anos 2018 e 2020 prodúcese un incremento no orzamento dos ingresos, chegando en 2020 aos 15,5 millóns e actualmente aos 15,3 millóns

A cifra de ingresos tributarios consignada nos orzamentos iniciais da deputación da Coruña reflicte un incremento cunha taxa media do 4,1% superior á taxa de incremento do seu total de ingresos, e ademais é o orzamento que presenta a cifra máis alta.


Cadro 8. Ingresos tributarios 2013-2021 e incremento interanual medio.

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	Inc. Interanual medio
A Coruña	31,7	31,3	39,0	41,0	40,0	41,9	44,3737	43,6	43,6	4,1%
Lugo	15,6	15,3	16,7	16,1	11,7	12,3	15,2887	15,5	15,3	-0,2%
Ourense	8,3	13,3	13,8	14,1	13,1	13,1	14,2087	14,1	13,5	6,3%
Pontevedra	31,2	30,6	34,3	34,0	35,3	36,3	36,1845	37,0	39,9	3,1%
Galicia	86,8	90,6	103,8	105,2	100,1	103,6	110,1	110,2	112,3	3,3%

Fonte: Consellería de Facenda.

Finalmente en Pontevedra a traxectoria foi de crecemento continuado agás no ano 2016 onde se produciu un leve descenso do 0,8%. O resultado da variación entre os anos extremos da serie foi dun crecemento interanual a unha taxa media do 3,1%.

Gráfico 21. Ingresos tributarios 2013-2021 por provincias.




Fonte: Consellería de Facenda.

Ao ter en conta o tamaño poboacional, obsérvase que no ano 2021 a cifra de ingresos tributarios por habitante rolda os 41,6 euros (media para o total das catro deputacións).

No orzamento lucense obsérvase que entre 2013 e 2016 estes ingresos por habitantes foron maiores que no resto de deputacións. A caída rexistrada en 2017 igualou este concepto coas demais deputacións.

Gráfico 22. Ingreso tributario por habitante 2013-2021.



Fonte: Consellería de Facenda.

O orzamento de Ourense foi o de menor cifra no ano 2013 e a dese exercicio, presenta unha importante evolución á alza, superando os dato dos orzamentos das restantes provincias.

Os cambios para a serie da Coruña e Pontevedra foron menos acusados.


III.4. INTRODUCCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE INGRESOS POR DEPUTACIÓN

A continuación descríbense graficamente, de xeito individual, os orzamentos de ingresos de cada unha das deputacións provinciais, coa seguinte estrutura:

- En primeiro lugar, recóllese a estrutura básica dos ingresos, reflectindo a porcentaxe que amosa cada agregado ao total dos ingresos.
- En segundo lugar, figura unha táboa comprensiva do orzamento inicial 2021, e a comparación co orzamento do ano 2020. Así mesmo figura un gráfico coas diferentes porcentaxes de cada capítulo de ingresos nestes dous últimos anos.


III.4.1. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Gráfico 23. Orzamento de ingresos de A Coruña 2021.



Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 24. Orzamento de ingresos de A Coruña Detalle. 2021.




Fonte: Consellería de Facenda.

Cadro 9. Orzamento de ingresos da deputación de A Coruña. 2021

CAPITULOS	2020		Increm. % Interanual	2021	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	16.567.745	9,0%	8,1%	17.904.544	9,7%
II. Impostos Indirectos	15.250.363	8,3%	-2,3%	14.906.874	8,1%
III. Taxas e Outros ingresos	11.814.615	6,4%	-8,3%	10.835.477	5,9%
Ingresos tributarios	43.632.723	23,7%	0,0%	43.646.895	23,7%
IV. Transferencias Correntes	139.815.177	76,0%	0,6%	140.683.328	76,3%
V. Ingresos Patrimoniais	68.600	0,0%	-80,2%	13.600	0,0%
Operacións correntes	183.516.500	99,7%	0,5%	184.343.823	99,9%
VI. Alleamento Investimentos Reais	0	0,0%		42.927	0,0%
VII. Transferencias de Capital	0	0,0%		0	0,0%
Operacións de capital	0	0,0%		42.927	0,02%
Operacións non financeiras	183.516.500	99,7%	0,5%	184.386.750	99,9%
					0,0%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					0,0%
VIII. Variación Activos Financeiros	500.000	0,3%	-77,4%	113.250	0,1%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0				0,0%
Total Operacións financeiras	500.000	0,3%	-77,4%	113.250	0,1%
TOTAL INGRESOS	184.016.500	100%	0,3%	184.500.000	100%

Fonte: Consellería de Facenda.


Gráfico 25. Orzamento de ingresos de A Coruña en porcentaxe por capítulo. 2020-2021.



Fonte: Consellería de Facenda.


III.4.2. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO

Gráfico 26. Orzamento de ingresos de Lugo 2021.



Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 27. Orzamento de ingresos de Lugo. Detalle. 2021.



Fonte: Consellería de Facenda.


Cadro 10. Orzamento de ingresos da deputación de Lugo 2021.

CAPITULOS	2020		Increm. % Interanual	2021	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	5.830.328	6,4%	-0,8%	5.785.953	6,3%
II. Impostos Indirectos	5.080.371	5,5%	0,2%	5.092.719	5,5%
III. Taxas e Outros ingresos	4.581.479	5,0%	-4,5%	4.375.502	4,7%
Ingresos tributarios	15.492.178	16,9%	-1,5%	15.254.174	16,5%
IV. Transferencias Correntes	74.708.958	81,4%	2,8%	76.766.880	83,1%
V. Ingresos Patrimoniais	64.751	0,1%	-52,0%	31.100	0,0%
Operacións correntes	90.265.887	98,4%	2,0%	92.052.154	99,6%
VI. Alleamento Investimentos Reais	1.110.308	1,2%	-100,0%	0	0,0%
VII. Transferencias de Capital	66.599	0,1%	0,0%	66.599	0,1%
Operacións de capital	1.176.907	1,3%	-94,3%	66.599	0,1%
Operacións non financeiras	91.442.794	99,7%	0,7%	92.118.753	99,7%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	300.000	0,3%	0,0%	300.000	0,3%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
Operacións financeiras	300.000	0,3%	0,0%	300.000	0,3%
TOTAL INGRESOS	91.742.794	100%	0,7%	92.418.753	100%

Fonte:

Consellería de Facenda.


Gráfico 28. Orzamento de ingresos de Lugo en porcentaxe por capítulo. 2020-2021



Fonte: Consellería de Facenda.


III.4.3. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

Gráfico 29. Orçamento de ingresos de Ourense. 2021



Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 30. Orçamento de ingresos de Ourense. Detalle. 2021




Fonte: Consellería de Facenda.

Cadro 11. Orzamento de ingresos da deputación de Ourense 2021.

CAPITULOS	2020		Increm. % Interanual	2021	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓN NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	4.900.000	5,7%	-6,1%	4.600.000	5,8%
II. Impostos Indirectos	4.390.000	5,1%	-6,8%	4.090.000	5,1%
III. Taxas e Outros ingresos	4.784.879	5,6%	0,8%	4.823.996	6,1%
Ingresos tributarios	14.074.879	16,4%	-4,0%	13.513.996	17,0%
IV. Transferencias Correntes	70.099.570	81,8%	-6,7%	65.429.266	82,1%
V. Ingresos Patrimoniais	139.876	0,2%	-29,2%	99.012	0,1%
Operacións correntes	84.314.324	98,4%	-6,3%	79.042.274	99,2%
VI. Alleamento Investimentos Reais	21.000	0,0%	0,0%	21.000	0,0%
VII. Transferencias de Capital	1.064.676	1,2%	-68,4%	336.726	0,4%
Operacións de capital	1.085.676	1,3%	-67,1%	357.726	0,4%
Operacións non financeiras	85.400.000	99,6%	-7,0%	79.400.000	99,6%
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	300.000	0,4%	0,0%	300.000	0,4%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
Operacións financeiras	300.000	0,4%	0,0%	300.000	0,4%
TOTAL INGRESOS	85.700.000	100%	-7,0%	79.700.000	100%

Fonte: Consellería de Facenda.


Gráfico 31. Orzamento de ingresos de Ourense en porcentaxe por capítulo. 2020-2021



Fonte: Consellería de Facenda.


III.4.4. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Gráfico 32. Orzamento de ingresos de Pontevedra. 2021



Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 33. Orzamento de ingresos de Pontevedra. Detalle. 2021.




Fonte: Consellería de Facenda.

Cadro 12. Orzamento de ingresos da deputación de Pontevedra 2021.

CAPITULOS	2020		Increm. % Interanual	2021	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓN NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	12.861.776	8,0%	1,0%	12.994.345	7,7%
II. Impostos Indirectos	12.999.329	8,1%	3,0%	13.387.650	8,0%
III. Taxas e Outros ingresos	11.111.205	6,9%	21,7%	13.518.407	8,0%
Ingresos tributarios	36.972.310	23,0%	7,9%	39.900.402	23,7%
IV. Transferencias Correntes	121.542.487	75,5%	3,5%	125.742.380	74,8%
V. Ingresos Patrimoniais	412.652	0,3%	-26,6%	302.754	0,2%
Operacións correntes	158.927.449	98,8%	4,4%	165.945.536	98,7%
VI. Alleamento Investimentos Reais	700.500	0,4%	71,4%	1.200.500	0,7%
VII. Transferencias de Capital		0,0%	0,0%	0	0,0%
Operacións de capital	700.500	0,4%	71,4%	1.200.500	0,7%
Operacións non financeiras	159.627.949	99,2%	4,7%	167.146.036	99,4%
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	1.305.001	0,8%	-25,7%	970.001	0,6%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
Total Operacións financeiras	1.305.001	0,8%	-25,7%	970.001	0,6%
TOTAL INGRESOS	160.932.950	100%	4,5%	168.116.037	100%

Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 34. Orzamento de ingresos de Pontevedra en porcentaxe por capítulo. 2021.



Fonte: Consellería de Facenda.



GASTOS

IV. GASTOS

IV.1. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS PROVINCIAIS.

O importe de gastos iguálase ao de ingresos ao presentarse os catro orzamentos equilibrados, cunha cifra de 524,7 millóns de euros e un incremento do 0,45% con respecto ao ano anterior.

Principais cambios respecto ao ano anterior nos orzamentos de gastos.

Como se dicía no apartado de ingresos, o total da cifra orzamentaria aumentou aproximadamente en 2,3 millóns respecto á cifra de 2020 para o orzamento das catro provincias.

Dentro das *operacións non financeiras*, e en concreto, referíndonos ás operacións correntes, os cinco capítulos experimentan un aumento con respecto ao ano 2020. Só o capítulo V Fondo de continxencia e imprevistos amosa un descenso do 4,1%. Derivado do anterior, as operacións non financeiras aumentaron un 4,5% respecto aos orzamentos do ano anterior.

O **capítulo I** incrementouse en 1,5 millóns de euros alcanzando 165,1 millóns de euros para as catro deputacións, cunha taxa de crecemento interanual do 0,9%. Con este crecemento consolídase como o primeiro destino dos orzamentos provinciais, cunha porcentaxe na estrutura de gastos do 31,5%.

O **capítulo II** incrementouse en 9,2 millóns de euros, ata chegar á cifra de 112,7 millóns de euros para as catro deputacións, cunha taxa interanual do 8,8%. Con este crecemento consolídase como o terceiro destino dos orzamentos provinciais, cunha porcentaxe na estrutura de gastos do 21,5%.

Cadro 13. Orzamento de gastos do total das deputacións. 2020-2021.

CAPITULOS	2020		Increm. % Interanual	2021	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓN NON FINANCEIRAS					
I. Gastos de Persoal	163.657.534	31,3%	0,9%	165.158.466	31,5%
II. Compra de Bens Corr. E Servizos	103.561.622	19,8%	8,8%	112.723.197	21,5%
Gastos funcionamento dos servizos	267.219.156	51,2%	4,0%	277.881.662	53,0%
III. Xuros	324.059	0,1%	251,5%	1.138.948	0,2%
IV. Transferencias Correntes	111.658.523	21,4%	7,8%	120.352.366	22,9%
V. Fondo continxencia e imprevis	5.669.033	1,1%	-4,1%	5.437.953	1,0%
Operacións Correntes	384.870.771	73,7%	5,2%	404.810.929	77,1%
VI. Investimentos Reais	49.750.400	9,5%	0,3%	49.903.740	9,5%
VII. Transferencias de Capital	57.613.191	11,0%	3,9%	59.831.300	11,4%
Operacións de capital	107.363.591	20,6%	2,2%	109.735.040	20,9%
Operacións non financeiras	492.234.363	94,2%	4,5%	514.545.969	98,1%
OPERACIÓN FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	24.184.941	4,6%	-71,1%	6.983.941	1,3%
IX. Variación Pasivos Financeiros	5.972.940	1,1%	-46,3%	3.204.880	0,6%
Operacións financeiras	30.157.881	5,8%	-66,2%	10.188.821	1,9%
TOTAL GASTOS	522.392.244	100%	0,45%	524.734.790	100%

Fonte: Consellería de Facenda.

○ **capítulo III, de xuros polos préstamos** vixentes ou outro tipo de gastos financeiros, tamén experimentou un importante aumento con respecto ao 2020, aínda que en termos de valor absoluto o importe é de 0,8 millóns de euros.

No **capítulo IV** prodúcese un incremento do 7,8%, o equivalente a 8,7 millóns de euros máis que en 2020. Sen embargo, a porcentaxe sobre o total de gastos no orzamento apenas experimentou variacións.

No **capítulo V** produciuse unha minoración do 4,1% con respecto a 2020 (unha diminución de apenas 231 mil euros en termos absolutos). O descenso debeuse principalmente á deputación de Lugo, con respecto a 2020.

○ **capítulo VI** de investimentos reais amosa un lixeiro aumento para o total das deputacións. En concreto un 0,3% (de 153 mil euros máis que en 2020).

○ **capítulo VII** para o conxunto das catro deputacións experimentou un incremento dun 3,9%, é dicir, 2,4 millóns de euros máis que en 2020. As transferencias de capital aumentaron en dúas das deputacións a excepción de Lugo e Ourense, cun descenso de 1% e do 37,2% respectivamente.


Con respecto ás operacións financeiras, o **capítulo VIII de variación de activos financeiros** experimentou un descenso con respecto a 2020, en concreto dun 71,1%. Foi

o capítulo con maior diminución en termos porcentuais, cun total de 17,2 millóns menos que en 2020. A diminución debeuse ao descenso producido na Coruña mentres que nas restantes deputacións mantense en termos de valor absoluto con respecto ao ano pasado.

O capítulo IX de **variación de pasivos financeiros**, experimentou unha variación dun -46,3%, sendo e termos absolutos de 2,8 millóns de euros). Esta diminución xunto coa do capítulo anterior, fixeron que as operacións financeiras descenderan en case 20 millóns de euros (un 66,2% menos que no ano anterior). En termos de importancia sobre o orzamento total, o peso relativo pasa do 5,8% ao 1,9% en 2021.

Recapitulando todo o anterior, as variacións experimentadas en cada tipo de operacións recóllense a continuación no cadro 14.


Cadro 14. Variacións anuais na estrutura de gastos. Total da CA de Galicia 2019-2020



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se temos en conta cada un dos capítulos e cada un dos períodos considerados (2020 e 2021) a representación gráfica seguinte amosa as principais diferencias entre períodos e permite comprobar a importancia en termos relativos de cada un deles con respecto ao orzamento total de gastos.

Gráfico 35. Estructura dos capítulos de gasto. Todas as deputacións.



Fonte: Consellería de facenda.


Principais características da estrutura de gastos

Unha vez comentadas as variacións respecto do ano 2020, afondarase a continuación na composición dos orzamentos de gastos de 2021 e os principais destinos das cifras dos orzamentos provinciais.

Da análise da estrutura debe salientarse que:


- O 98,1% dos gastos o constitúen operacións non financeiras, cunha cifra de 514,5 millóns de €, cun incremento do 4,5% respecto a 2020.
- Os principais compoñentes, á súa vez son:
 - O 77,1% do total de gastos son operacións correntes (capítulos do I ao V), cun importe de 404,8 millóns de €, cifra que é maior á de 2020, en concreto nun 5,2%.
 - O 20,9% son operacións de capital (capítulos VI e VII), cunha cifra de 109,7 millóns de €, cun aumento, respecto ao ano 2020, dun 2,2%.
- O 1,9% restante son gastos destinados a operacións financeiras, que experimentaron un descenso do 66,2%. En termos absolutos, o que máis diminuíu foi o capítulo VIII con 17,2 millóns (un 71,1% menos que o ano anterior).

Gráfico 36. Estrutura dos capítulos de gasto. Todas as deputacións.



Fonte: Consellería de Facenda.


Gráfico 37. Estrutura dos capítulos de gasto. Todas as deputacións.



Fonte: Consellería de Facenda.

A estrutura de gastos de cada un dos orçamentos presenta diferenzas, entre as que se poderían salientar as seguintes:

Gráfico 38. Estructura de gasto por tipo de operacións. 2021.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

O orzamento de Pontevedra é o que presenta a maior porcentaxe de **operacións non financeiras**, mentres na Coruña as operacións financeiras (capítulos VIII e IX) son as de maior porcentaxe das catro, co 3,3%.

Os gastos destinados ao financiamento de **operacións correntes** presenta unha porcentaxe do 77,1% para o total dos catro orzamentos, e neste caso destaca a máis alta porcentaxe no orzamento ourensán, no que o 82,3% dos gastos van destinados a gastos de natureza corrente. En Lugo a porcentaxe é do 80,1%, na Coruña do 81,7% e finalmente a menor porcentaxe rexístrase en Pontevedra co 68,1%.

Gráfico 39. Estructura de gasto. Detalle. 2021.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

No que se refire aos Gastos de funcionamento dos servizos (capítulos I e II), presentan diferenzas significativas na comparativa entre os catro orzamentos, xa que en Ourense a porcentaxe ascende ata o 66,2% mentres que no orzamento da Coruña a porcentaxe é do 43,3%, é dicir case 24 puntos por debaixo da media; un ano máis é o que presenta a menor porcentaxe do orzamento destinado ao pagamento de gastos de persoal e de bens correntes e servizos.

As transferencias correntes, que para a media de Galicia representan o 22,9% e que tiveron un crecemento interanual do 9,2%, teñen no orzamento de Lugo o seu menor importe e peso relativo, xa que cos seus 13,4 millóns soamente absorben o 14,5% do total dos seus gastos, mentres que nas outras deputacións a porcentaxe varía entre o 15,9% de Ourense ao 36,1% da Coruña, reflectindo un 16,5% en Pontevedra.

Ao igual que no apartado de ingresos, engadimos uns apuntamentos sobre a composición de gastos das facendas provinciais galegas en comparación coas facendas dos concellos galegos e coa media nacional de orzamentos de deputacións provinciais.

Gráfico 40. Estructura de gasto. Entidades Locais. 2021.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Na composición das facendas dos concellos os gastos destinados a operacións correntes teñen maior peso que nas facendas provinciais, xa que chegan ao 87%. mentres que os gastos destinados a operacións de capital (capítulos VI e VII, investimentos propios das corporacións e os que se realizan a través doutras entidades por transferencias) teñen un peso porcentual nos concellos que é case a metade da porcentaxe das corporacións provinciais.

As operacións financeiras teñen un peso igualitario na estrutura de gastos das deputacións, supoñendo un 2% en ambos casos.

Gráfico 41. Estructura de gasto. Entidades Locais. Detalle. 2021.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Como continuación da maior porcentaxe dos gastos por operacións correntes, obsérvase que os gastos de funcionamento, capítulos I e II de pagamento de persoal e de compra de bens correntes e servizos, presentan maior peso nas facendas dos concellos, que representan case o 80% do total de gastos, fronte ao 54% nas deputacións. O resto de variables na estrutura dos orzamentos dos concellos presentan porcentaxes menores.

Ao comparar a estrutura de gastos das deputacións galegas coa do resto de España, obsérvase que as proporcións nos orzamentos son moi similares. En Galicia os gastos correntes supoñen unha porcentaxe do 77,8% mentres que en España sitúanse na contorna do 72,7%. A maior diferenza na proporción sobre o total obsérvase nas operacións financeiras, con maior porcentaxe no ámbito nacional.


Gráfico 42. Orzamento deputacións. 2021.



Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Tendo en conta os compoñentes desagregados podemos observar as seguintes diferenzas nas proporcións que cada un deles representa en cada ámbito considerado:

Gráfico 43. Estrutura orzamento deputacións. Detalle. 2021.




Fonte: información agregada procedente das deputacións.

IV.2. ESTRUCTURA POR PROGRAMAS DOS ORZAMENTOS DE 2020 DAS DEPUTACIÓN PROVINCIAIS

Como se comentou ao inicio desta memoria, a clasificación por programas é obrigatoria e recolle a finalidade e obxectivos á que atenden os gastos. Clasifícanse por áreas de gasto (con seis áreas), políticas de gasto, grupos de programas e programas. Nesta memoria descríbese ao nivel de áreas de gasto.

A continuación, podemos observar cal é o peso relativo de cada área de gasto dentro dos orzamentos do conxunto das catro deputacións.

Gráfico 44. Orzamento total por áreas de gasto. 2021.



Fonte: información agregada procedente das deputacións.

A área de gasto que absorbe unha maior consignación no orzamento inicial de 2021 para o conxunto das catro deputacións, é a 9 destinada a "Actuacións de carácter xeral", que como nos anos anteriores, constitúe a principal finalidade dos gastos. Esta área de gasto absorbe o 36,5% do total dos orzamentos das catro deputacións no que atinxe a súa estrutura por programas. Esta porcentaxe é inferior en 2,7 puntos á porcentaxe que tivo o ano pasado.

Nesta área de gasto 9 inclúense os gastos relativos ás actividades da entidade local provincial consistentes no exercicio de funcións de goberno ou de apoio administrativo, de soporte lóxico e técnico a toda a organización, xunto as de transferencias a outras administracións e institucións públicas.

Cadro 15. Orzamento 2021. Clasificación por programas de gasto. Orzamento sen consolidar.

Área	Política de gasto	TOTAL DEPUTACIÓN
1 SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS		39.506.508
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	9.023.787
	15 Vivenda e urbanismo	895.636
	16 Benestar comunitario	2.674.387
	17 Medio ambiente	6.151.525
2 ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL.		96.911.642
	21 Pensións	10.410.832
	22 Outras prestacións económicas a favor de empregados	3.554.742
	23 Servizos Sociais e promoción social	60.144.293
	24 Fomento do Emprego	16.946.638
3 PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE		73.245.699
	31 Sanidade	0
	32 Educación	10.610.953
	33 Cultura	36.657.395
	34 Deporte	16.717.094
4 ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONÓMICO		118.134.962
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	10.299.049
	42 Industria e enerxía	232.500
	43 Comercio, turismo e PEMES	9.722.998
	44 Transporte público	0
	45 Infraestruturas	69.152.774
	46 Investigación, desenvolvemento e innovación	284.000
	49 Outras actuacións de carácter económico	4.090.019
9 ACTUACIONES DE CARÁCTER XERAL		190.368.294
	91 Órganos de goberno	9.681.033
	92 Servizos de carácter xeral	56.228.138
	93 Administración financeira e tributaria	35.092.550
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	70.656.955
0 DÉBIDA PÚBLICA		3.356.527
	01 Débeda Pública	3.356.527
	TOTAL	521.523.632

Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Como se pode observar na táboa, o importe da área 9 acende a 190,4 millóns de euros, que supón case 2 millóns menos que en 2020 (o 1% menos con respecto ao ano anterior). A política de gasto de maior importe é a 94 Transferencias a outras Administracións Públicas que con 70,6 millóns é a primeira política de gasto en importe no orzamento conxunto das catro deputacións e representa o 13,6% do total e o 37,1% desta área de gasto. Dentro das actuacións de carácter xeral, séguelle a política 92 Servizos de carácter xeral, con 56 millóns de euros, o 29,5% desta área de gasto e o 10,8% do total de gastos das catro deputacións; a política de gasto 93 destinada á Administración financeira e tributaria é a seguinte partida en importancia e chega a representar o 6,7% do total de gastos.

Para o conxunto dos catro orzamentos, a área 4, Actuacións de carácter económico, acada os 118,1 millóns de euros e o 23% sobre o total de gastos. Intégranse nesta área os gastos de actividades, servizos e transferencias que conducen a desenvolver o potencial dos distintos sectores da actividade económica. Tamén comprende os gastos en infraestruturas básicas e de transportes; infraestruturas agrarias; comunicacións; investigación, desenvolvemento e innovación.

A política de gasto 45, destinada ás infraestruturas, é a de maior importe. Neste ano alcanza un importe de algo máis de 69 millóns de euros en total que implica que o 13% dos recursos da facendas provinciais están destinadas ao financiamento das infraestruturas, 0,17 puntos porcentuais máis do orzamento de 2020. É no orzamento coruñés onde se observa a maior porcentaxe desta área de gasto, sen embargo en 2021 sufriu un notable descenso con respecto ao ano anterior, dun 21%.

A continuación, reflectindo o peso do sector primario na economía galega, está a política de gasto 41 “Agricultura, gandería e pesca” con 10,3 millóns de euros e o 2% sobre o total, tendo a maior presenza e importe nos orzamentos de Pontevedra e Lugo, cunha porcentaxe destes gastos en ambas provincias do 3% e do 2,7% respectivamente do seu total.

As Actuacións de protección e promoción social, incluídas na área de gasto 2, presentan unha cifra de 96,9 millóns que representa o 18,6% sobre o total. Inclúense nesta área todos aqueles gastos e transferencias que constitúen o réxime de previsión, as pensións de funcionarios, atencións de carácter benéfico-asistencial; atención a grupos con necesidades especiais, como mozos, maiores, persoas con discapacidade e terceira idade; tamén comprende as medidas de fomento do emprego. Neste orzamento de 2021, entre estas destaca a política de gasto dirixida aos servizos sociais e promoción social, con máis da metade do importe da área e o 11,5% do total de gastos.

Cun importe e porcentaxe moi preto, está a área de gasto de Producción de bens públicos de carácter preferente, área 3, que contén todos os gastos relacionados coa sanidade, educación, cultura, tempo de lecer, deporte, e, en xeral, todos aqueles tendentes á elevación ou mellora da calidade de vida. É a cuarta finalidade dos gastos para o conxunto das catro deputacións. Presenta un importe e porcentaxe moi semellante ao do grupo ou área 2, cun total de 73,2 millóns de euros, e unha porcentaxe do 14%.

Dentro desta área, a política de gasto de maior orzamento é a dirixida á promoción da cultura, (33), que representa o 50% da área de gasto e o 7% do total de gastos.

Nesta área de gasto non se reflecten variacións importantes das porcentaxes a ela destinadas entre os catro orzamentos, mesmo salientando a cultura nos catro orzamentos como a política de gasto de maior cifra.

A área de gasto IServizos públicos básicos, que comprende todos aqueles gastos orixinados polos servizos públicos básicos que, con carácter obrigatorio, deben prestar os concellos, ao abeiro do artigo 31.2 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, atendendo á función das provincias de cooperación e asistencia aos concellos.

O importe total destinados a esta área é de 39,5 millóns que representan o 8% do total, destacando a política de gasto destinada á Seguridade e mobilidade cidadá, cun total de 9 millóns de euros e representando un 1,7% do total do orzamento.


Nesta área de gasto, como en anos anteriores destaca a elevada porcentaxe do orzamento da deputación de Ourense que destina a ela o 26% do total, sendo no seu orzamento a segunda prioridade de gasto.

Por último, a Débeda pública é unha área na que ano a ano se vai reducindo o seu importe e peso relativo na composición dos gastos, aínda que diminuíu na contorna dun 40% con respecto ao ano anterior. O importe desta área é de 3,4 millóns de euros. Comprende os gastos de xuros, amortización da débeda pública e demais operacións financeiras e de natureza análoga, con exclusión dos gastos que ocasione a formalización das mesmas.

No orzamento coruñés non hai consignación de débeda pública, no de Pontevedra ten un importante descenso no seu orzamento, pasando 3,7 millóns de euros a 903 mil euros con respecto ao ano anterior. E nos dous orzamentos restantes, Lugo e Ourense, apréciase unha escasa diminución do 0,5% en Lugo mentres que en Ourense hai un incremento do 5,4%.

Se temos en conta graficamente cada unha das deputacións, podemos observar cal é o peso relativo de cada área de gasto, apreciando as diferencias comentadas anteriormente.

Gráfico 45. Estrutura de gastos por áreas de gasto



Fonte: información agregada das deputacións.

Cadro 16. Orzamento das deputacións por programas de gasto.

2021 - Comparativa dos gastos Orzamentos das deputacións por programas de gasto (orzamentos sen consolidar)										
Área	Política de gasto	A CORUÑA	%	LUGO	%	OURENSE	%	PONTEVEDRA	%	TOTAL
1 SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS		2.873.492	2%	6.797.718	8%	20.761.173	26%	9.074.125	5%	39.506.508
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	944.000	1%	3.055.856	3%	0	0%	5.023.931	3%	9.023.787
	15 Vivenda e urbanismo	0	0%	530.950	1%	0	0%	364.686	0%	895.636
	16 Benestar comunitario	0	0%	238.930	0%	0	0%	2.435.457	1%	2.674.387
	17 Medio ambiente	1.929.492	1%	2.971.982	3%	0	0%	1.250.051	1%	6.151.525
2 ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL		54.947.731	30%	13.985.971	16%	5.855.136	7%	22.122.804	13%	96.911.642
	21 Pensións	10.410.630	6%	0	0%	0	0%	202	0%	10.410.832
	22 Outras prestacións económicas a favor de	1.606.581	1%	1.193.461	1%	0	0%	754.700	0%	3.554.742
	23 Servizos Sociais e promoción social	32.930.520	18%	9.656.676	11%	0	0%	17.557.098	10%	60.144.293
	24 Fomento do Emprego	10.000.000	5%	3.135.834	4%	0	0%	3.810.804	2%	16.946.638
3 PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE		27.165.811	15%	12.246.403	14%	9.260.256	12%	24.573.228	15%	73.245.699
	31 Sanidade	0	0%	0	0%	0	0%	0	0%	0
	32 Educación	5.895.066	3%	2.786.174	3%	0	0%	1.929.713	1%	10.610.953
	33 Cultura	15.754.696	9%	5.522.506	6%	0	0%	15.380.194	9%	36.657.395
	34 Deporte	5.516.050	3%	3.937.723	4%	0	0%	7.263.321	4%	16.717.094
4 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO		48.136.614	26%	18.698.168	21%	24.353.621	31%	26.946.558	16%	118.134.962
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	2.006.000	1%	2.423.309	3%	0	0%	5.869.740	3%	10.299.049
	42 Industria e enerxía	227.000	0%	0	0%	0	0%	5.500	0%	232.500
	43 Comercio, turismo e PEMES	3.338.141	2%	3.258.912	4%	0	0%	3.125.945	2%	9.722.998
	44 Transporte público	0	0%	0	0%	0	0%	0	0%	0
	45 Infraestruturas	38.439.446	21%	12.772.955	14%	0	0%	17.940.373	11%	69.152.774
	46 Investigación, desenvolvemento e	258.000	0%	21.000	0%	0	0%	5.000	0%	284.000
	49 Outras actuacións de carácter económico	3.868.027	2%	221.992	0%	0	0%	0	0%	4.090.019
9 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL		51.376.353	28%	35.786.218	40%	18.709.617	23%	84.496.106	50%	190.368.294
	91 Órganos de goberno	3.326.507	2%	3.182.136	4%	0	0%	3.172.390	2%	9.681.033
	92 Servizos de carácter xeral	20.363.117	11%	16.770.199	19%	0	0%	19.094.822	11%	56.228.138
	93 Administración financeira e tributaria	18.456.466	10%	4.567.275	5%	0	0%	12.068.809	7%	35.092.550
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	9.230.263	5%	11.266.607	13%	0	0%	50.160.085	30%	70.656.955
0 DÉBEDA PÚBLICA		0	0%	1.693.114	2%	760.197	1%	903.216	1%	3.356.527
	01 Débeda Pública	0	0%	1.693.114	2%	760.197	1%	903.216	1%	3.356.527
TOTAL		184.500.000	100%	89.207.592	100%	79.700.000	100%	168.116.037	100%	521.523.629


Fonte: información agregada das deputacións.

IV.3. ARIABLES DE GASTOS EN RELACIÓN COA POBOACIÓN PROVINCIAL

A continuación analízanse os compoñentes de gasto dos orzamentos en termos per cápita.

A cifra de gastos de persoal (capítulo I) é de 61,1 €/habitante para a media de Galicia. Os valores resultantes nos orzamentos de Ourense (con 107,4 €) e Lugo (con 101,6 €), son superiores á media. A Coruña foi a que presentou a menor cifra de gastos de persoal por habitante, como ven sendo habitual nos últimos anos, con 44,2 €/habitante e en Pontevedra son 52,2 euros por habitante.

Gráfico 46. Variables de gastos (euros por habitante).



Fonte: información agregada das deputacións.

No relativo ao peso deste capítulo na composición dos gastos (recollido no cadro 17), é importante salientar que presenta unha media do 31,5% lixeiramente superior ao ano 2020. Destaca a alta porcentaxe dos gastos de persoal na Deputación de Ourense, cun 41,3%, que supera case 15 puntos porcentuais a porcentaxe da Coruña, que é a de menor porcentaxe. Por outra banda as porcentaxes das dúas restantes provincias aproxímanse ao dato da media, ao redor do 30%.

As cifras do total por operacións correntes (capítulos do I ao V, este último o capítulo do Fondo de continxencia) presentan unha tendencia similar aos gastos de persoal, xa que foron as cifras de Lugo e Ourense, as que superaron a media (149,8), que se sitúa nos 225,7 €/habitante en Lugo e 213,8 €/habitante en Ourense.

A porcentaxe para a media de Galicia destinada a este tipo de gastos é do 77,1%, sendo nos orzamentos de Lugo e Ourense os que presentan porcentaxes máis altas. O peso relativo na estrutura de gastos das operacións correntes flutúa entre o 82,3% de Ourense e o 68,1% de Pontevedra.

Cadro 17. Variables e ratios económico-financeiras. Galicia 2021. Euros por habitante e porcentaxe.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Gastos Totais	164,5	281,8	259,9	177,8	194,2
Gastos de Persoal (Cap I)	44,2	101,6	107	52,2	61,1
% GP/GT	26,9%	36,0%	41,3%	29,3%	31,5%
Operacións Correntes (I ao V)	134,4	225,7	213,8	121,0	149,8
% OC/GT	81,7%	80,1%	82,3%	68,1%	77,1%
Operacións de Capital (VI+VII)	24,7	50,0	42,8	55,6	40,6
% OC/GT	15,0%	17,7%	16,5%	31,2%	20,9%
Operacións Financeiras (VIII+IX)	5,4	6,1	3,3	1,2	3,8
% OF/GT	3,3%	2,2%	1,3%	0,7%	1,9%

Fonte: información agregada das deputacións.

Polo que respecta ás operacións de capital (capítulos VI e VII) a deputación co orzamento maior das catro destinado a estes gastos divido pola súa poboación, segue sendo, como en anos anteriores, a de Lugo, aínda que como xa se viu experimentou unha diminución tanto no seu total como neste agregado. A media de Galicia reflicte que se destinarán uns 40,6 euros por habitante aos investimentos reais e transferencias de capital, sendo os valores extremos os de Coruña, con 24,7 e Pontevedra, con 55,6 euros por habitante.

No que atinxe ao peso relativo na estrutura de gastos deste agregado de investimentos e transferencias de capital, foi en Pontevedra no que se observa unha maior proporción do seu orzamento destinado aos capítulos VI e VII, seguido polo orzamento lucense.


Por último, as operacións financeiras (capítulos VIII e IX), como xa se adiantou, experimentaron en 2021 un descenso pasando dos 11,2 euros por habitante en 2020 aos 3,8 en 2021, para a medida de Galicia. Neste agregado de gastos financeiros obsérvase unha gran variabilidade, figurando o maior dato en Lugo, con 6,1 euros por habitante, seguido dos 5,4€/habitante da Coruña e os 3,3 en Ourense, mentres que en Pontevedra soamente resulta 1,2 euro por habitante destinado a gastos financeiros. As porcentaxes reflicten datos parellos aos importes por habitante, sendo o da Coruña e Lugo os que superan a porcentaxe da media, e reflectindo o de Pontevedra o dato máis baixo xa que soamente o 0,7% do seu orzamento son gastos financeiros.

IV.4. EVOLUCIÓN DE GASTOS DO PERÍODO 2013-2021.

A continuación detallase a evolución dos agregados máis importantes dentro das variables de gastos: os gastos de persoal (recollidos no capítulo I, e sendo os de maior peso relativo dentro das operacións correntes) e os gastos por operacións de capital (que engloba os capítulos VI e VII).

No período de análise considerado, o capítulo I de gastos de persoal presenta unha traxectoria descendente entre 2013 e 2015, seguindo a tendencia iniciada en 2011. Mentres que nos últimos anos medra ata os 165,2 millóns de euros, o que supón un crecemento medio do 0,9% con respecto a 2020.

Gráfico 47. Variables de gastos de persoal período 2013-2021. Millóns de euros.



Fonte: información agregada das deputacións.


Cadro 18. Gastos de persoal 2013-2021. Millóns de euros.

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	Inc. interanual medio
A Coruña	38,3	38,2	38,4	39,8	39,3	41,4	44,1	49,4	49,6	3,7%
Lugo	24,1	23,4	23,3	24,7	24,0	24,8	27,3	33,1	33,3	4,7%
Ourense	28,7	28,4	27,7	30,1	29,9	31,8	32,2	34,1	32,9	2,0%
Pontevedra	42,7	40,3	40,8	43,1	43,5	44,6	44,8	47,0	49,3	2,1%
Galicia	133,8	130,3	130,2	137,7	142,6	148,4	148,4	163,7	165,2	3,0%

Fonte: información agregada das deputacións.

No conxunto das catro deputacións o peso dos gastos de persoal sobre o total dos gastos diminuíu dende 2013, pero o peso relativo aumenta dende o 2017 para situarse en valores similares a 2013, situándose no 31,5% en 2021 (despois dunha pequena caída en 2019).


Gráfico 48. Gastos de persoal. Peso sobre o total de gastos. 2013-2021.



Fonte: información agregada das deputacións.

En termos de gastos de persoal por habitante, as deputacións de Lugo e Ourense presentan un nivel superior á media de 61,5€ por habitante de 2021, mentres que as de Pontevedra e A Coruña están por debaixo en todos os anos do período.


Gráfico 49. Gastos de persoal por habitante 2013-2021.



Fonte: información agregada das deputacións.

A evolución das operacións de capital, presenta unha traxectoria decrecente desde 2010 ata 2014, aumentando o seu importe en 2015 e 2016 para volver a descender en torno a un 10% anual nos dous últimos anos.

Gráfico 50. Evolución operacións de capital período 2013-2021. Millóns de euros.



Fonte: información agregada das deputacións.

No período 2013-2021 o conxunto dos gastos de capital das deputacións mostra unha taxa media anual do -0,9%, sendo negativa no caso das deputacións de A Coruña (-4,9%) e Lugo (-5,9%), mentres que as de Ourense e Pontevedra presentan unhas taxas medias anuais positivas do 2,7% e 3,3%, respectivamente, aínda que con distinta evolución temporal.


Cadro 19. Operacións de capital. 2013-2021. Millóns de euros.

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	Inc. interanual medio
A Coruña	39,3	34,9	42,7	41,8	38,0	26,8	30,2	23,7	27,7	-4,9%
Lugo	25,1	20,8	22,5	28,3	28,3	19,0	20,1	28,3	16,4	-5,9%
Ourense	10,9	14,4	20,0	18,6	16,1	15,3	16,3	17,1	13,1	2,7%
Pontevedra	41,8	39,0	34,1	40,7	42,4	44,6	45,8	47,1	52,5	3,3%
Galicia	117,2	111,0	119,3	129,3	117,4	105,7	112,3	107,4	109,7	-0,9%

Fonte: información agregada das deputacións.

En 2021 o volume das operacións de capital con respecto ao total do orzamento representa o 20,9% en 2020, un 0,3 puntos porcentuais máis que no ano anterior, pero case cinco puntos inferior ao ano 2013.

Gráfico 51. Operacións de capital. Peso sobre o total de gastos.




Fonte: información agregada das deputacións.

Os gastos de capital por habitante das deputacións acadan os 40,6€ en 2021, ascenso debido fundamentalmente, ós aumentos producidos na Coruña e Pontevedra.

Lugo e Ourense son as provincias que presentan descensos no último período, sendo Lugo a que amosa un maior importe diferenciado.

Gráfico 52. Gastos de capital por habitante (euros por habitante).



Fonte: información agregada das deputacións.


IV.5. INTRODUCCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE GASTOS POR DEPUTACIÓN

Como no apartado de ingresos, a continuación, descríbense graficamente, de xeito individual, os orzamentos de gastos de cada unha das deputacións provinciais das principais variables orzamentarias:

- En primeiro lugar, recóllese a estrutura básica dos gastos, reflectindo a porcentaxe que amosa cada agregado ao total dos gastos do orzamento.
- En segundo lugar, figura unha táboa comprensiva do orzamento inicial 2021, e a comparación co orzamento do ano 2020. Así mesmo recóllese graficamente as diferentes porcentaxes de cada capítulo de gasto nestes dous últimos anos.


IV.5.1. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Gráfico 53. Orzamento de gastos da deputación de A Coruña 2021.



Fonte: Deputación de A Coruña.

Gráfico 54. Orzamento de gastos da deputación de A Coruña 2021. Detalle.




Fonte: Deputación de A Coruña.

Cadro 20. Orzamento de gastos por capítulos. A Coruña 2020-2021.

CAPITULOS	2020		Increm. % Interanual	2021	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANZEIRAS					
I. Gastos de Persoal	49.421.511	26,9%	0,3%	49.586.766	26,9%
II. Compra de Bens Corr. e Servizos	28.732.525	15,6%	5,7%	30.380.260	16,5%
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	78.154.036	42,5%	2,3%	79.967.027	43,3%
III. Xuros	61.000	0,0%	819,7%	561.000	0,3%
IV. Transferencias Correntes	55.222.243	30,0%	20,6%	66.570.964	36,1%
V. Fondo continxencia e imprevv	3.672.200	2,0%	0,5%	3.690.000	2,0%
Operacións Correntes	137.109.479	74,5%	10,0%	150.788.991	81,7%
VI. Investimentos Reais	16.746.250	9,1%	11,9%	18.736.238	10,2%
VII. Transferencias de Capital	6.929.000	3,8%	29,1%	8.944.000	4,8%
Operacións de capital	23.675.250	12,9%	16,9%	27.680.238	15,0%
Operacións non financeiras	160.784.729	87,4%	11,0%	178.469.229	96,7%
OPERACIÓNS FINANZEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	23.231.771	12,6%	-74,0%	6.030.771	3,3%
IX. Variación Pasivos Financeiros					
Operacións financeiras	23.231.771	12,6%	-74,0%	6.030.771	3,3%
TOTAL GASTOS					
	184.016.500	100%	0,3%	184.500.000	100%


Fonte: Deputación de A Coruña.

Gráfico 55. Orzamento de gastos por capítulos en porcentaxe sobre o total. 2020-2021.



Fonte: Deputación de A Coruña.


Gráfico 56. Orzamento por áreas de gasto. 2021.



Fonte: Deputación de A Coruña.


IV.5.2. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO

Gráfico 57. Orzamento de gastos. Deputación de Lugo. 2021.



Fonte: Deputación de Lugo.

Gráfico 58. Orzamento de gastos. Deputación de Lugo. Detalle. 2021.




Fonte: Deputación de Lugo.

Cadro 21..Orzamento de gasto por capítulos. Lugo. 2020-2021.

CAPITULOS	2020		Increm. % Interanual	2021	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Gastos de Persoal	33.115.966	36,1%	0,6%	33.311.998	36,0%
II. Compra de Bens Corr. e Servizos	22.521.442	24,5%	17,9%	26.543.556	28,7%
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	55.637.408	60,6%	7,6%	59.855.554	64,8%
III. Xuros	94.700	0,1%	38,2%	130.850	0,1%
IV. Transferencias Correntes	13.588.208	14,8%	-1,6%	13.365.313	14,5%
V. Fondo continxencia e imprevisión	986.833	1,1%	-31,6%	674.953	0,7%
Operacións Correntes	70.307.149	76,6%	5,3%	74.026.670	80,1%
VI. Inversións Reais	11.272.967	12,3%	-26,3%	8.310.626	9,0%
VII. Transferencias de Capital	8.168.444	8,9%	-1,0%	8.087.223	8,8%
Operacións de capital	19.441.411	21,2%	-15,7%	16.397.849	17,7%
Operacións non financeiras	89.748.560	97,8%	0,8%	90.424.519	97,8%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	380.769	0,4%	0,0%	380.769	0,4%
IX. Variación Pasivos Financeiros	1.613.464	1,8%	0,0%	1.613.464	1,7%
Operacións financeiras	1.994.234	2,2%	0,0%	1.994.234	2,2%
TOTAL GASTOS	91.742.794	100%	0,7%	92.418.753	100%


Fonte: Deputación de Lugo.

Gráfico 59. Orzamento de gasto. Porcentaxe de cada capítulo. Lugo. 2020-2021.



Fonte: Deputación de Lugo.


Gráfico 60. Orzamento por áreas de gasto. Lugo 2021.



Fonte: Deputación de Lugo.


IV.5.3. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

Gráfico 61. Orzamento de gastos. Ourense.. 2021.



Fonte: Deputación de Ourense.

Gráfico 62. Orzamento de gastos Ourense. Detalle. 2021.




Fonte: Deputación de Ourense.

Cadro 22. Orzamento de gastos por capítulos. Ourense. 2020-2021.

CAPITULOS	2020		Increm. % Interanual	2021	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANZEIRAS					
I. Gastos de Persoal	34.086.299	39,8%	-3,4%	32.937.825	41,3%
II. Compra de Bens Corr. e Servicios	20.433.589	23,8%	-3,0%	19.815.315	24,9%
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	54.519.888	63,6%	-3,2%	52.753.140	66,2%
III. Intereses	19.139	0,0%	203,0%	57.997	0,1%
IV. Transferencias Correntes	13.008.619	15,2%	-2,5%	12.684.697	15,9%
V. Fondo continxencia e imprevv	10.000	0,0%	600,0%	70.000	0,1%
Operacións Correntes	67.557.646	78,8%	-2,9%	65.565.833	82,3%
VI. Investimentos Reais	12.294.409	14,3%	-17,9%	10.090.800	12,7%
VII. Transferencias de Capital	4.845.744	5,7%	-37,2%	3.041.166	3,8%
Operacións de capital	17.140.153	20,0%	-23,4%	13.131.967	16,5%
Operacións non financeiras	84.697.800	98,8%	-7,1%	78.697.800	98,7%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	300.000	0,4%	0,0%	300.000	0,4%
IX. Variación Pasivos Financeiros	702.200	0,8%	0,0%	702.200	0,9%
Operacións financeiras	1.002.200	1,2%	0,0%	1.002.200	1,3%
TOTAL GASTOS	85.700.000	100%	-7,0%	79.700.000	100%


Fonte: Deputación de Ourense.

Gráfico 63. Orzamento de gasto. Porcentaxe de cada capítulo. Ourense. 2020-2021.



Fonte: Deputación de Ourense.


Gráfico 64. Orzamento de gastos por áreas de gasto. Ourense 2021.



Fonte: Deputación de Ourense.


IV.5.4. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Gráfico 65. Orzamento de gastos. Deputación de Pontevedra. 2021.



Fonte: Deputación de Pontevedra.

Gráfico 66. Orzamento de gastos. Deputación de Pontevedra. Detalle. 2021.




Fonte: Deputación de Pontevedra.

adro 23. Orzamento de gasto por capítulos. Pontevedra. 2020-2021.

CAPITULOS	2020		Increm. % Interanual	2021	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Gastos de Persoal	47.033.758	29,2%	4,9%	49.321.877	29,3%
II. Compras de Bens Corr. e Servizos	31.874.066	19,8%	12,9%	35.984.065	21,4%
<i>Gastos funcionamento dos servizos</i>	78.907.824	49,0%	8,1%	85.305.942	50,7%
III. Intereses	149.220	0,1%	160,8%	389.101	0,2%
IV. Transferencias Correntes	29.839.453	18,5%	-7,1%	27.731.392	16,5%
V. Fondo continxencia e imprev	1.000.000	0,6%	0,3%	1.003.000	0,6%
Operacións Correntes	109.896.497	68,3%	4,1%	114.429.435	68,1%
VI. Invetimentos Reais	9.436.774	5,9%	35,3%	12.766.075	7,6%
VII. Transferencias de Capital	37.670.003	23,4%	5,5%	39.758.911	23,6%
Operacións de capital	47.106.777	29,3%	11,5%	52.524.986	31,2%
Operacións non financeiras	157.003.274	97,6%	6,3%	166.954.421	99,3%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	272.401	0,2%	0,0%	272.401	0,2%
IX. Variación Pasivos Financeiros	3.657.275	2,3%	-75,7%	889.215	0,5%
Operacións financeiras	3.929.676	2,4%	-70,4%	1.161.616	0,7%
TOTAL GASTOS					
	160.932.950	100%	4,5%	168.116.037	100%


Fonte: Deputación de Pontevedra.

Gráfico 67. Orzamento de gasto. Porcentaxe de cada capítulo. Pontevedra. 2020-2021.



Fonte: Deputación de Pontevedra.

Gráfico 68. Orzamento por áreas de gasto. Pontevedra. 2021.



Fonte: Deputación de Pontevedra.



**PRINCIPAIS INDICADORES EN
TERMOS DE CONTABILIDADE
NACIONAL (METODOLOXÍA SEC 95-
SEC 2010)**

V. PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (METODOLOXÍA SEC 95-SEC 2010)

V.1. PRINCIPAIS INDICADORES. TOTAL DEPUTACIÓN

Cadro 24. Principais indicadores. Total deputacións.

TOTAL DEPUTACIÓN PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (metodoloxía SEC 95 e SEC 2010)				
OPERACIÓNS NON FINANZEIRAS	ORZAMENTO 2021	ORZAMENTO 2020	DIFERENCIA 2021-2020	TAXA VARIACIÓN
Capítulo I.- Impostos directos	41.284.842	40.159.848	1.124.994	2,8%
Capítulo II.- Impostos indirectos	37.477.243	37.720.063	-242.820	-0,6%
Capítulo III.- Taxas e outros ingresos	33.553.382	32.292.179	1.261.203	3,9%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	408.621.854	406.166.192	2.455.662	0,6%
Capítulo V.- Ingresos patrimoniais	446.466	685.878	-239.412	-34,9%
Total Recursos Correntes (1)	521.383.787	517.024.160	4.359.627	0,8%
Capítulo I.-Gastos de persoal	165.158.466	163.657.534	1.500.932	0,9%
Capítulo II.-Gastos en bens correntes e servizos	112.723.197	103.561.622	9.161.574	8,8%
Capítulo III.-Xuros	1.138.948	324.059	814.889	251,5%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	120.352.366	111.658.523	8.693.843	7,8%
Capítulo V.-Fondo de continxencia	5.437.953	5.669.033	-231.080	-4,1%
Total Empregos Correntes (2)	404.810.929	384.870.771	19.940.158	5,2%
AFORRO BRUTO (1-2)	116.572.858	132.153.389	-15.580.531	-11,8%
Capítulo III.- Gastos financeiros	1.138.948	324.059	814.889	251,5%
Saldo primario	117.711.806	132.477.448	-14.765.642	-11,1%
Capítulo VI.- Alleamento de investimentos reais	1.264.427	1.831.808	-567.381	-31,0%
Capítulo VII.- Transferencias de capital (ingresos)	403.325	1.131.274	-727.950	-64,3%
Ingresos Total Recursos de Capital (3)	1.667.752	2.963.083	-1.295.331	-43,7%
Capítulo VI.- Inversións reais	49.903.740	49.750.400	153.340	0,3%
Capítulo VII.- Transferencias de capital	59.831.300	57.613.191	2.218.109	3,9%
Gastos Total Empregos de Capital (4)	109.735.040	107.363.591	2.371.448	2,2%
FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL (4-3)	108.067.288	104.400.509	3.666.779	3,5%
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO (1+3-2-4)	8.505.570	27.752.880	-19.247.310	-69,4%
OPERACIÓNS FINANZEIRAS	ORZAMENTO 2021	ORZAMENTO 2020	DIFERENCIA 2020-2019	TAXA VARIACIÓN
Capítulo VIII.- Activos financeiros	2.070.001	2.405.001	-335.000	-13,9%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	0	0	0	
Ingresos Total Recursos Financeiros (5)	2.070.001	2.405.001	-335.000	-13,9%
Capítulo VIII.- Activos financeiros	6.983.941	24.184.941	-17.201.000	-71,1%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	3.204.880	5.972.940	-2.768.060	-46,3%
Gastos Total Empregos Financeiros (6)	10.188.821	30.157.881	-19.969.060	-66,2%

Fonte: información agregada do total das deputacións.

O aforo bruto, diferenza entre os recursos e empregos correntes, ascende a case 117 millóns de euros en 2021, un 11,8 inferior ao do orzamento de 2020.

Por outro lado, a Formación bruta de capital ascende a 108,1 millóns, un 3,5% superior á de 2020.

Como consecuencia, o conxunto das deputacións presentan no orzamento de 2021 una capacidade de financiamento de 8,5 millóns de euros, case un 70% menos que en

2020, fundamentalmente como consecuencia da diminución nas Transferencias de capital recibidas.

V.2. PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL DE CADA UN DOS ORZAMENTOS PROVINCIAIS

V.2.1. ORZAMENTO DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Cadro 25. Principais indicadores. Deputación de A Coruña.

ORZAMENTO DEPUTACIÓN A CORUÑA PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (metodoloxía SEC 95 e SEC 2010)				
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2021	ORZAMENTO 2020	DIFERENCIA 2021-2020	TAXA VARIACIÓN
Capítulo I.- Impostos directos	17.904.544	16.567.745	1.336.800	8%
Capítulo II.- Impostos indirectos	14.906.874	15.250.363	-343.489	-2%
Capítulo III.- Taxas e outros ingresos	10.835.477	11.814.615	-979.139	-8%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	140.683.328	139.815.177	868.151	1%
Capítulo V.- Ingresos patrimoniais	13.600	68.600	-55.000	-80%
Total Recursos Correntes (1)	184.343.823	183.516.500	827.323	0%
Capítulo I.-Gastos de persoal	49.586.766	49.421.511	165.255	0%
Capítulo II.-Gastos en bens correntes e servizos	30.380.260	28.732.525	1.647.735	6%
Capítulo III.-Xuros	561.000	61.000	500.000	820%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	66.570.964	55.222.243	11.348.722	21%
Capítulo V.-Fondo de continxencia	3.690.000	3.672.200	17.800	0%
Total Empregos Correntes (2)	150.788.991	137.109.479	13.679.512	10%
AFORRO BRUTO (1-2)	47.234.344	32.727.509	14.506.835	44,3%
Capítulo III.- Gastos financeiros	561.000	61.000	500.000	819,7%
Saldo primario	47.795.344	32.788.509	15.006.835	45,8%
Capítulo VI.- Alleamento de investimentos reais	42.927	0	42.927	
Capítulo VII.- Transferencias de capital (ingresos)	0	0	0	
Ingresos Total Recursos de Capital (3)	42.927	0	42.927	
Capítulo VI.- Investimentos reais	18.736.238	16.746.250	1.989.988	11,9%
Capítulo VII.- Transferencias de capital	8.944.000	6.929.000	2.015.000	29,1%
Gastos Total Empregos de Capital (4)	27.680.238	23.675.250	4.004.988	16,9%
FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL (4-3)	27.637.311	23.675.250	3.962.061	16,7%
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMEN	5.090.198	22.731.771	-17.641.573	-77,6%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2021	ORZAMENTO 2020	DIFERENCIA 2021-2020	TAXA VARIACIÓN
Capítulo VIII.- Activos financeiros	113.250	500.000	-386.750	-77,4%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	0	0	0	
Ingresos Total Recursos Financeiros (5)	113.250	500.000	-386.750	-77,4%
Capítulo VIII.- Activos financeiros	6.030.771	23.231.771	-17.201.000	-74,0%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	0	0	0	
Gastos Total Empregos Financeiros (6)	6.030.771	23.231.771	-17.201.000	-74,0%

Fonte: Deputación de A Coruña.

V.2.2. ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Cadro 26. Principais indicadores. Deputación de Lugo.

ORZAMENTO DEPUTACIÓN LUGO PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (metodoloxía SEC 95 e SEC 2010)				
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2021	ORZAMENTO 2020	DIFERENCIA 2020-2019	TAXA VARIACIÓN
Capítulo I.- Impostos directos	5.785.953	5.830.328	-44.375	-0,8%
Capítulo II.- Impostos indirectos	5.092.719	5.080.371	12.348	0,2%
Capítulo III.- Taxas e outros ingresos	4.375.502	4.581.479	-205.977	-4,5%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	76.766.880	74.708.958	2.057.922	2,8%
Capítulo V.- Ingresos patrimoniais	31.100	64.751	-33.651	-52,0%
Total Recursos Correntes (1)	92.052.154	90.265.887	1.786.268	2,0%
Capítulo I.-Gastos de persoal	33.311.998	33.115.966	196.032	0,6%
Capítulo II.-Gastos en bens correntes e servizos	26.543.556	22.521.442	4.022.114	17,9%
Capítulo III.-Xuros	130.850	94.700	36.150	38,2%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	13.365.313	13.588.208	-222.895	-1,6%
Capítulo V.-Fondo de continxencia	674.953	986.833	-311.880	-31,6%
Total Empregos Correntes (2)	74.026.670	70.307.149	3.719.521	5,3%
AFORRO BRUTO (1-2)	18.025.484	19.958.738	-1.933.254	-9,7%
Capítulo III.- Gastos financeiros	130.850	94.700	36.150	38,2%
Saldo primario	18.156.334	20.053.438	-1.897.104	-9,5%
Capítulo VI.- Alleamento de investimentos reais	0	1.110.308	-1.110.308	-100,0%
Capítulo VII.- Transferencias de capital (ingresos)	66.599	66.599	0	0,0%
Ingresos Total Recursos de Capital (3)	66.599	1.176.907	-1.110.308	-94,3%
Capítulo VI.- Invetimentos reais	8.310.626	11.272.967	-2.962.341	-26,3%
Capítulo VII.- Transferencias de capital	8.087.223	8.168.444	-81.221	-1,0%
Gastos Total Empregos de Capital (4)	16.397.849	19.441.411	-3.043.562	-15,7%
FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL (4-3)	16.331.250	18.264.504	-1.933.254	-10,6%
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMEN	1.694.234	1.694.234	0	0
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2021	ORZAMENTO 2020	DIFERENCIA 2021-2020	TAXA VARIACIÓN
Capítulo VIII.- Activos financeiros	300.000	300.000	0	
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	0	0	0	
Ingresos Total Recursos Financeiros (5)	300.000	300.000	0	
Capítulo VIII.- Activos financeiros	380.769	380.769	0	
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	1.613.464	1.613.464	0	
Gastos Total Empregos Financeiros (6)	1.994.234	1.994.234	0	

Fonte: Deputación de Lugo.

V.2.3. ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

Cadro 27. Principais indicadores. Deputación de Ourense.

ORZAMENTO DEPUTACIÓN OURENSE PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (metodoloxía SEC 95 e SEC 2010)				
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2021	ORZAMENTO 2020	DIFERENCIA 2021-2020	TAXA VARIACIÓN
Capítulo I.- Impostos directos	4.600.000	4.900.000	-300.000	-6,1%
Capítulo II.- Impostos indirectos	4.090.000	4.390.000	-300.000	-6,8%
Capítulo III.- Taxas e outros ingresos	4.823.996	4.784.879	39.116	0,8%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	65.429.266	70.099.570	-4.670.303	-6,7%
Capítulo V.- Ingresos patrimoniais	99.012	139.876	-40.864	-29,2%
Total Recursos Correntes (1)	79.042.274	84.314.324	-5.272.051	-6,3%
Capítulo I.-Gastos de persoal	32.937.825	34.086.299	-1.148.475	-3,4%
Capítulo II.-Gastos en bens correntes e servizos	19.815.315	20.433.589	-618.274	-3,0%
Capítulo III.-Xuros	57.997	19.139	38.858	203,0%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	12.684.697	13.008.619	-323.922	-2,5%
Capítulo V.-Fondo de continxencia	70.000	10.000	60.000	600,0%
Total Empregos Correntes (2)	65.565.833	67.557.646	-1.991.813	-2,9%
AFORRO BRUTO (1-2)	13.476.441	16.756.678	-3.280.237	-19,6%
Capítulo III.- Gastos financeiros	57.997	19.139	38.858	203,0%
Saldo primario	13.534.438	16.775.817	-3.241.380	-19,3%
Capítulo VI.- Alleamento de investimentos reais	21.000	21.000	0	0,0%
Capítulo VII.- Transferencias de capital (ingresos)	336.726	1.064.676	-727.950	-68,4%
Ingresos Total Recursos de Capital (3)	357.726	1.085.676	-727.950	-67,1%
Capítulo VI.- Invetimentos reais	10.090.800	12.294.409	-2.203.609	-17,9%
Capítulo VII.- Transferencias de capital	3.041.166	4.845.744	-1.804.578	-37,2%
Gastos Total Empregos de Capital (4)	13.131.967	17.140.153	-4.008.187	-23,4%
FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL (4-3)	12.774.241	16.054.478	-3.280.237	-20,4%
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMEN	702.200	702.200	0	0,0%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2021	ORZAMENTO 2020	DIFERENCIA 2021-2020	TAXA VARIACIÓN
Capítulo VIII.- Activos financeiros	300.000	300.000	0	0,0%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	0	0	0	
Ingresos Total Recursos Financeiros (5)	300.000	300.000	0	0,0%
Capítulo VIII.- Activos financeiros	300.000	300.000	0	0,0%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	702.200	702.200	0	0,0%
Gastos Total Empregos Financeiros (6)	1.002.200	1.002.200	0	0,0%

Fonte: Deputación de Ourense.

V.2.4. ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Cadro 28. Principais indicadores. Deputación de Pontevedra.

ORZAMENTO DEPUTACIÓN PONTEVEDRA PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (metodoloxía SEC 95 e SEC 2010)				
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2021	ORZAMENTO 2020	DIFERENCIA 2021-2020	TAXA VARIACIÓN
Capítulo I.- Impostos directos	12.994.345	12.861.776	132.569	1,0%
Capítulo II.- Impostos indirectos	13.387.650	12.999.329	388.321	3,0%
Capítulo III.- Taxas e outros ingresos	13.518.407	11.111.205	2.407.202	21,7%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	125.742.380	121.542.487	4.199.893	3,5%
Capítulo V.- Ingresos patrimoniais	302.754	412.652	-109.898	-26,6%
Total Recursos Correntes (1)	165.945.536	158.927.449	7.018.087	4,4%
Capítulo I.-Gastos de persoal	49.321.877	47.033.758	2.288.119	4,9%
Capítulo II.-Gastos en bens correntes e servizos	35.984.065	31.874.066	4.109.999	12,9%
Capítulo III.-Xuros	389.101	149.220	239.881	160,8%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	27.731.392	29.839.453	-2.108.061	-7,1%
Capítulo V.-Fondo de continxencia	1.003.000	1.000.000	3.000	0,3%
Total Empregos Correntes (2)	114.429.435	109.896.497	4.532.938	4,1%
AFORRO BRUTO (1-2)	51.516.101	49.030.952	2.485.149	5,1%
Capítulo III.- Gastos financeiros	389.101	149.220	239.881	160,8%
Saldo primario	51.905.202	49.180.172	2.725.030	5,5%
Capítulo VI.- Alleamento de investimentos reais	1.200.500	700.500	500.000	71,4%
Capítulo VII.- Transferencias de capital (ingresos)	0	0	0	
Ingresos Total Recursos de Capital (3)	1.200.500	700.500	500.000	71,4%
Capítulo VI.- Inversións reais	12.766.075	9.436.774	3.329.301	35,3%
Capítulo VII.- Transferencias de capital	39.758.911	37.670.003	2.088.908	5,5%
Gastos Total Empregos de Capital (4)	52.524.986	47.106.777	5.418.209	11,5%
FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL (4-3)	51.324.486	46.406.277	4.918.209	10,6%
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMEN	191.615	2.624.675	-2.433.060	-92,7%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2021	ORZAMENTO 2020	DIFERENCIA 2021-2020	TAXA VARIACIÓN
Capítulo VIII.- Activos financeiros	970.001	1.305.001	-335.000	-25,7%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	0	0	0	
Ingresos Total Recursos Financeiros (5)	970.001	1.305.001	-335.000	-25,7%
Capítulo VIII.- Activos financeiros	272.401	272.401	0	0,0%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	889.215	3.657.275	-2.768.060	-75,7%
Gastos Total Empregos Financeiros (6)	1.161.616	3.929.676	-2.768.060	-70,4%

Fonte: Deputación de Pontevedra.

